



A Portela transformada: Unha mirada ao paso do tempo na periferia de Compostela.

(A Portela transformed: pedagogy of place in a Santiago de Compostela townland)

Paula GARCÍA MÉNDEZ

Eugenio OTERO URTAZA

Universidade de Santiago de Compostela

RESUMO: Neste artigo realízase unha exploración sobre a posibilidade de indagar na historia de pequenas comunidades rurais desde a perspectiva da súa transformación pedagóxica entre 1950 e o tempo presente. Faíse referencia a un primeiro estudo dun lugar concreto da periferia de Santiago de Compostela co obxectivo de xerar coñecemento sobre bens materiais e inmateriais dunha comunidade local, así como dos fenómenos de despoboamento e neorruralismo. O encontro de culturas distintas, as transformacións sucesivas que experimenta o lugar, o desafío de vivir coas achegas dos novos habitantes e mesmo o regreso da mocidade cunha vinculación familiar, permite elaborar un estudo da pedagogía do lugar desde un marco histórico onde as persoas aprenden e conviven nunha paisaxe que se transforma, modificando os modos de aprender e, ao mesmo tempo, preservando a memoria local.

PALABRAS CHAVE: Historia da educación rural; Pedagogía do lugar; Historias de fondo de paisaxe; Educación ao aire libre; Educación en Galicia.

ABSTRACT: The aim of this article is to explore the history of a small rural community from the perspective of its pedagogical transformation between 1950 and the present. The study focuses on the townland of A Portela on the outskirts of Santiago de Compostela, examining the material and immaterial assets of that local community and the phenomena of depopulation and neoruralism. The article presents a study of the pedagogy of A Portela within a historical framework in which people live and learn together in a landscape that has been transformed by the encounter between different cultures, the passage of time, changes brought and wrought by new inhabitants, and the return of young people with family ties. The article shows how these transformations have modified the people's ways of learning while at the same time preserving local memory.

KEYWORDS: history of rural education; pedagogy of place; storied landscapes; outdoor education; education in Galicia.

Introdución

Ás veces só precisamos ampliar a ollada, deternos a ver de verdade o que temos diante, o que nos rodea, agasallarnos a oportunidade de escoitarnos, de pararnos a conversar coa veciña cando nos atopamos no camiño do monte e nos conte como era ese lugar antes do que é agora. O que aconteceu para hoxe coñecelo así, se é que verdadeiramente tivemos a vontade de coñecelo. Vivir nunha aldea sen darlle as costas, preocuparse pola súa historia e polas persoas que a habitan, dende un forte sentimento de pertenza, de vencello.

O crecemento incontrolable das cidades arrasando coas zonas perimetrais rurais constitúe unha das

problemáticas sociais e urbanísticas e, por suposto, educativas máis importantes do século XXI. Neste marco é imprescindible comprender a contorna que se habita nunha perspectiva do paso do tempo, aprendendo a identificar aqueles sitios concretos que conteñan «historias de fondo de paisaxe»¹ e tentar reconstruír a actividade que tivo lugar no decorrer dos anos, descubriendo o «imaxinario rural tradicional», un concepto que Corbett² emprega para facer alusión ás imaxes do que consideramos como rural, á nosa percepción da realidade a partir das formas de organización e de relación das que dispoñemos no lugar. Realizando unha recollida dos cambios que se experimentaron, ofrécese unha visión no tempo dese lugar co que as súas xentes manteñen un vínculo especial, co que se senten identificadas e que recoñecen como o espazo do seu fogar.

Os lugares que hoxe coñecemos, en xeral, pouco deixan ver do que foron hai sesenta ou setenta anos, quedando só nalgúns casos pequenos sinais que nos fan chegar información do que eses espazos foron, de como eran e o que aconteceu. E os nosos xeitos de miralos, de relacionarnos con eles tamén mudaron, nun contexto no que, máis alá do económico, emerxen cada vez máis novos valores, novos modelos sociais e novas formas de vida. Cambios que son proxectados sobre o propio territorio e as formas de relacionarnos con el, asistindo a un redescubrimento do lugar propio da sociedade contemporánea. Unha sociedade que presume dunha tendencia a reinterpretar os lugares, arredor de novas actitudes e prácticas que semellan, en termos de Nogué, «unha renovada actitude mental ante os lugares».³

A pedagogía do lugar fica no potencial do lugar como o campo óptimo para a aprendizaxe a través da súa diversidade, sendo posible percibila a través da súa observación directa, da investigación, da experimentación e das habilidades manuais, requirindo así a combinación do intelecto e a experiencia.⁴ O lugar arroupa un vencello entre a historia humana e o proceso xeolóxico que un lugar garda e polo que non ha de comprenderse dende unha soa perspectiva ou disciplina, senón como o conxunto de sistemas que o integran e cuxo estudo nos permite afondar nas súas partes. Nesta liña, ao falar de lugares debemos contemplar o seu carácter cambiante polo que «calquera pedagogía do lugar debe permanecer aberta e dinámica, sensible á interacción entre persoas específicas e os seus lugares locais».⁵

¹ Thor Kerr e Shaphan Cox, «Public consultation and pub talk as toponymic workspace: Kings Square to WalyalupKoort», *From the european South* 10, (2022), 44.

² Michael Corbett, «Rural education: Some sociological provocations for the field». *Australian and International Journal of Rural Education* 25, nº 3, (2015): 9.

³ Joan Nogué, «El reencuentro con el lugar: nuevas ruralidades, nuevos paisajes y cambio de paradigma», *Documents d'Analisi Geografica* 62, nº3, (2016): 490.

⁴ David Orr, «Place and Pedagogy», *Namta* 38, nº 1, (2013): 185.

⁵ J. Margaret Somerville, «A place pedagogy for global contemporaneity», *Educational philosophy and theory* 42, nº 3 (2010): 342.

Dende a perspectiva pedagóxica do lugar, o seu estudo asemade contén un significado fundamental no que á transformación das persoas atinxe. Orr apunta cara a reeducación das persoas nun contexto no que se atopan en benestar onde viven, aqueles habitantes que se senten ben onde están, salientando o sentido que habitar un lugar supón: un coñecemento profundo del, a interiorización da responsabilidade de coidado e o sentido de arraigamento.⁶ Así, faise notorio o sentimento de pertenza na defensa dunha lingua particular dunha zona, na vestimenta, e noutros comportamentos por conservar certos trazos propios dun lugar identificados como propios, en palabras de Orr: «os patróns físicos e biolóxicos dun lugar imprímense na mente».⁷

A pedagogía do lugar desde unha perspectiva histórica

A pedagogía do lugar refírese ás aprendizaxes que unha persoa adquire na contorna na que se desenvolve especialmente na súa infancia, ou cando vive nese lugar durante un longo período de tempo facéndoo seu. En todas as culturas e tempos históricos os nenos e nenas aprenden da comunidade local na que se desenvolven:

Ao longo da existencia da humanidade sobre a face da terra, os nenos aprenderon das súas experiencias nos lugares e comunidades nas que vivían; exploraban a súa contorna cos compañeiros, imitaban as actividades dos adultos, participaban nas cerimonias culturais e relixiosas, e escoitaban as conversacións e historias das súas familias e veciños. A maior parte desta aprendizaxe era informal, aínda que en momentos importantes de cambio, como na puberdade, os ritos de iniciación lles proporcionaban unha formación máis directa acerca da comprensión da comunidade en relación co mundo e as responsabilidades do adulto.⁸

Aínda que o lugar sempre foi un importante referente educativo das persoas, que define moito as aprendizaxes da infancia e da primeira xuventude das persoas, a pedagogía do lugar, como un constructo que aínda tiña que ser desenvolvido non apareceu ata principios do século XXI. Unha liña importante da pedagogía do lugar, tenta comprender como as aprendizaxes baseadas en marcos de ancoraxe de pequenas comunidades locais deixan pegada no ensino e aprendizaxe na aula,⁹ é dicir, como o ambiente local no seu conxunto intervén no que os escolares aprenden de xeito integral. Sen dúbida este enfoque permite coñecer como foi a evolución das aprendizaxes nun período determinado de tempo e comprender os cambios que se

⁶ Orr, «Place and Pedagogy», 186.

⁷ *Ibidem*, 187.

⁸ Gregory A. Smith. *Pedagogía de Base Local [Place-Based Education]*. Oxford Research Encyclopedia of Education, 2017. <https://doi.org/10.1093/acrefore/9780190264093.013.95>

⁹ Susan Haarman e Patrick M. Green, «Does Place Actually Matter? Searching For Place-based Pedagogy amongst Impact and Intentionality», *Metropolitan Universities* 34, nº 2 (2023): 1.

produciron en pequenas comunidades rurais. A idea da pedagogía do lugar ten a súa orixe na aprendizaxe experiencial de Dewey quen xa sostiña en 1899 que a educación tiña que ir máis alá da escola, porque a vida que vive o individuo está informada pola vida da natureza e da sociedade e as ferramentas da aprendizaxe deben estar subordinadas á «substancia da experiencia», que o levan a construír a súa cultura identificada cunha «contrasinal democrática».¹⁰ Realmente Dewey, conforme sostén Jayanandhan, foi quen primeiro estableceu unha idea de pedagogía do lugar baseándose en tres principios: medio ambiente, experiencia e democracia. E tamén preocupouse pola mobilidade do propio lugar, que non era estático, e as persoas tiñan que aprender a estar no lugar e a desenvolver estratexias para explorar novos lugares.¹¹

Porén se a idea tardou en ser desenvolvida é porque ata a actualidade non se fixo tan necesario lembrar que as aprendizaxes na natureza son esenciais na educación dunha persoa. Ao progresivo abandono do mundo rural sucedeu un proceso intenso de deterioro do medio ambiente, ata o punto que hoxe entendemos que o cambio climático é un dos problemas principais do planeta e fai necesario un enfoque ético que leve a unha nova concepción que reorganice as conexións e interaccións entre as persoas, a sociedade e o planeta¹². O discurso da sostibilidade, nun mundo interdependente e interconectado, inaugura un proceso evolutivo e creativo que non se pode planificar nin controlar totalmente.¹³ Estamos nunha nova idade histórica na que a conciencia ecolóxica fai xurdir unha pedagogía que regresa ao campo e permite encontros directos co mundo natural provocando unha «reflexión profunda» que emerxe da experiencia de lugares que teñen atracción educadora, cargados dunha intensidade que non se pode simular nunha aula.¹⁴

Non so é importante crear unha pedagogía para a nova era da sostibilidade, senón que é tamén importante desenvolver a conciencia histórica dos educadores, de contar como foi xurdindo esta necesidade e de que os historiadores da educación comencen a preocuparse por rexistrar como se foi construíndo esta conciencia fronte á destrución ambiental e a desaparición da cultura rural; rastrear onde están as súas orixes e cales son as súas consecuencias no devir da propia educación. A pedagogía do lugar é un referente para

¹⁰ John Dewey, *The school and society*. 2ª ed. (Chicago: The University Chicago Press, 1915), 56.

¹¹ Stephanie Raill Jayanandhan, «John Dewey and a Pedagogy of Place», *Philosophical Studies in Education*, 40 (2009): 109.

¹² Arto O. Salonen, et al., «A theory of planetary social pedagogy», *Educational Theory* 73 n°4 (2023): 620.

¹³ Ron Tooth e Peter Renshaw, «Reflections on Pedagogy and Place: A Journey into Learning for Sustainability through Environmental Narrative and Deep Attentive Reflection», *Australian Journal of Environmental Education*, 25 (2009): 3.

¹⁴ Ron Tooth estaba desenvolvendo esta idea desde 1995. No artigo referenciado xunto a Renshaw usa esa idea da «reflexión profunda» dende a súa experiencia no programa *The Storythread Values Project*, co que traballaba na Universidade de Queensland, (Brisbane, Australia). Os *Storythreads* estaban deseñados como narrativas ambientais que combinan historia e teatro para involucrar aos estudantes nunha aprendizaxe profunda y reflexiva ao aire libre que os conecta emocional e intelectualmente coas persoas e lugares que coñecen, viven ou visitan.

comprender os cambios de civilización no século XXI, e da perda de elementos constituíntes na educación das persoas. Os cambios que suceden nos lugares rurais non só conforman un rexistro do despoboamento e da desaparición dunha cultura preindustrial, senón da transformación veloz da sociedade na era postindustrial que xa non necesita dunha masa de poboación agraria para a produción alimentaria. O campo perde a súa identidade milenaria e os labradores xa non poden sobrevivir da súa actividade e, como consecuencia, os pequenos núcleos de poboación quedaron baleiros e agora son mercados por persoas, que soemos chamar «neorrurais», con outros intereses.

Mentres se conserva unha memoria oral dos lugares, é posible facer unha reconstrución do proceso de transformación que foron experimentando desde unha habitabilidade plena ata o seu abandono ou mutación poboacional, especialmente se falamos de aldeas e lugares próximos ás cidades. Podemos realizar unha análise dese proceso escollendo algunhas variables que permitan entender a evolución do lugar desde a perspectiva da relación das persoas cos espazos e en que sentido esa relación tiña riqueza educadora. Indicamos, a modo de ensaio, algunhas desas variables que é factible abordar nun estudo en relación coa situación previa aos procesos de despoboamento:

- Os xogos infantís en relación aos espazos utilizados.
- Os espazos formais e informais de aprendizaxe do lugar.
- Os mecanismos de transmisión da cultura local.
- A cultura escolar en relación á cultura popular do lugar.
- A cultura material ao longo do tempo.
- A linguaxe do lugar.
- A irrupción da cultura escrita e audiovisual.
- O abandono do lugar e a chegada de novos poboadores.

Partindo do estado da cultura rural en Galicia en 1950, un tempo no que nesas contornas aínda non chegara o plástico, o teléfono, a mecanización dos trebellos de cultivo e, en moitos casos faltaba a luz eléctrica, pode ser un punto que sinala a evolución cara a perda da identidade tradicional, o despoboamento ou a transformación do lugar cara a outras circunstancias económicas ou sociais que anuncian un modelo de vida que antes non era coñecido no campo.

Hipóteses e metodoloxía

As experiencias vividas nos lugares, os cambios que estes van experimentando, producen no ser humano a necesidade de adaptarse a eles alterando, en maior ou menor medida, os seus hábitos e costumes. Os relatos das testemuñas rexistrados neste traballo así o confirman, recuperando como as modificacións do lugar obxecto de estudo foron mudando as formas de relacionarse das persoas, mais tamén o feito de facelo cos espazos. Esta conexión entre o lugar e a persoa que o habita pódese entender como «conectividade

ecolóxica», cuxa base fica na «interpenetración dialóxica entre as persoas e o lugar».¹⁵ A forma de habitar, o noso xeito de ser, as nosas posibilidades e, en definitiva, a nosa identidade, son moldeados como habitantes do lugar e os seus atributos.¹⁶

O desafío semella cada vez máis grande: transmitir ás novas xeracións unha cultura e unha historia do lugar cuxa transmisión se está a perder. Se somos os responsables da creación dos lugares, tamén habemos de coidar da conciencia de nós mesmos sobre os lugares, aqueles que non necesariamente se limitan a espazos pensados e deseñados convencionalmente para a aprendizaxe.¹⁷ A pedagogía do lugar vai máis alá e o reto ha de ser como incorporar os trazos dos lugares dentro das prácticas educativas, non como algo alleo que nos rodea, dende o que resulta familiar, a cotiandade e unha sensibilidade cara o que ocorre. En palabras de Dewey: «o sentido da realidade adquirida a través do contacto de primeira man coas realidades. As forzas educativas do fiado e a teceduría doméstica, do serradoiro, do muíño, do toneleiro e da forxa do ferreiro estaban continuamente operativas».¹⁸

Pódese así estudar un lugar como tal desde a perspectiva do paso do tempo, tratando de comprender a súa evolución polos cambios que acontecen, non só as persoas senón tamén aos elementos que compoñen a paisaxe,¹⁹ da relación das persoas co espazo que habitan e a transformación que lles sucede por vivir alí e, ao lugar mesmo; construíndo unha narrativa dos feitos. Que ocorre nunha aldea cando un mestre chega ou se vai? Como modificou a vida a chegada da luz eléctrica ou a televisión? E como foi que a forma de traballar a terra mudou coa chegada do tractor? Cando deixou a xente de camiñar para chegar á cidade porque apareceron os automóviles e a pista foi asfaltada? Que foi daquela vida cando moitos saberes agrícolas foron abandonados para dedicarse ao monocultivo do leite? Que se deixaba de aprender e que se aprendía de novo? Este artigo pretende facer explícito un modelo de investigación posible para abordar estes cambios nas aprendizaxes dos habitantes das contornas rurais: de como se foi pasando do analfabetismo á escolarización;

¹⁵ Reuben Rose-Redwood et al., «Monumentality, Memoryscapes, and the Politics of Place», *ACME: An International Journal for Critical Geographies* 21 nº 5 (2022): 451.

¹⁶ A. David Gruenewald, «Foundations of place: A multidisciplinary framework for place-conscious education», *American educational research journal* 40, nº 3 (2003): 626.

¹⁷ *Ibidem*, 636.

¹⁸ Dewey, *The school and society*, 8.

¹⁹ Usamos a definición establecida por Ingold: «a paisaxe é o mundo tal como o coñecen aqueles que o habitan, habitan os seus lugares e transitan polos camiños que os conectan». *Vid.* Tim Ingold, «The Temporality of the landscape», *World archaeology* 25, nº 2 (1993):156. Afirmar que a paisaxe é unha construción simbólica que reflicte a encarnación das persoas nunha temporalidade histórica que mesturan na súa experiencia as actividades que levan adiante o proceso da vida social. Ese conxunto de actividades constitúen o que chama «taskscape», ou «paisaxe de tarefas».

de como foi transformándose a infancia dende unha liberdade en espazos abertos a un control máis estrito e vida sedentaria coa chegada da televisión primeiro e os medios dixitais despois; como se foi perdendo unha cultura rural, propia do lugar, e como se foi substituíndo por un imaxinario transmitido polas pantallas; de como mudou desde unha cultura ágrafa á universalidade da lectura, e da lectura ás linguaxes aceleradas dos ordenadores.

Observar como vai mudando un lugar desde a perspectiva educativa é o propósito dunha investigación que tenta ser ampla. Neste artigo só queremos amosar algunhas das posibilidades que poderían abordarse con este modelo de estudo que atinxe a unha múltiple relación que se da nun lugar físico rural que está habitado: unha aldea, unha pequena vila, que ten unha historia e un presente. Lugares habitados nos que se desenvolvía unha infancia con moitos recursos informais de aprendizaxe, onde existían unhas vivendas que foron cambiado de uso no tempo, espazos concretos onde se desenvolveron os xogos ou aínda existe un alboio onde durante un tempo houbo unha escola. Sen dúbida, o modo de produción case único estaba baseado na agricultura, marcada por unha economía de subsistencia e onde as relacións sociais eran ríxidas, pero cada quen tiña un sentido de pertenza que se manifestaba nos encontros, nas festas e nos actos de culto relixioso.

A metodoloxía empregada é etnográfica e histórica, manexando arquivos públicos e privados e facendo fincapé na recuperación da memoria popular e os relatos de vida, o estudo dos espazos en uso e/ou en ruína, os obxectos e actividades arredor do traballo e/ou quefaceres tradicionais, os procesos de formación dos seus habitantes e a linguaxe específicas. Trátase de desenvolver unha metodoloxía baseada nas «historias de fondo de paisaxe» ou *landscape backstories*²⁰ que permite estudar o paso do tempo neses lugares: como ese decorrer do tempo foi modificando a vida das persoas que desenvolven a súa vida alí, a súa lingua e termos empregados nese contexto concreto, os seus valores e as súas costumes apostando por unha mirada pedagóxica centrada nas potencialidades educadoras dos espazos rurais, permitindo achegar unha comprensión da contorna que se habita dende a reconstrución da actividade ao longo dos anos.

A idea das *backstories* ou historias de fondo teñen precedentes en varios ámbitos da cultura contemporánea, especialmente no teatro e as tradicións populares. No teatro e na cinematografía especialmente porque moitas veces é necesario poñer aos personaxes no seu contexto e partir da súa

²⁰ Kerr e Cox, no artigo xa citado, describen unha experiencia de análise da evolución da linguaxe toponímica nunha tribo aborixe australiana, e o proceso de recuperación dos nomes antigos dos lugares e a reacción dos habitantes descendentes dos colonizadores que provocou un intenso debate sobre a complexidade da herdanza cultural. A este proceso de recuperación toponímica dos lugares chamárono «*landscape backstories*», porque non so implica as persoas, senón tamén ao lugar físico que se transforma no tempo.

historia de vida para entender o seu presente no relato e, por outra banda, as tradicións populares sempre remiten a un tempo anterior que necesita ser reconstruído para comprender a súa permanencia. Investigar como unha pequena comunidade se transforma polo paso do tempo pódese abordar cunha metodoloxía que se centra no ámbito da *Small Data* na que se recolle información dun lugar concreto no que as evidencias obtidas poden ser «imperfectas» e non xeneralizables, pero que céntranse máis na calidade e singularidade desas «historias de fondo», e require dun contexto e unha contorna na que os datos son recollidos.²¹

Porén, esa mesma metodoloxía pode ser aplicada a un lugar no seu conxunto, analizando non so o seu estado actual, senón como o lugar foi modificándose no tempo, retrocedendo a un pasado e reconstruíndo historicamente os elementos que permitan entender esa evolución. De que xeito as escolas axudaron a fortalecer ou descompor as comunidades rurais, ou, como afirma Corbett, a resiliencia dos habitantes rurais e as súas multidimensionais formas creativas de sosterse e facer a súa vida.²² Podemos así construír unha historia pedagóxica do lugar, unha historia de fondo de paisaxe, no que o conxunto do lugar, non so ten a súa pedagogía, senón unha historia que permite coñecer como aprendían e transmitían os seus saberes os habitantes do lugar antes da chegada da dispersión urbana e o uso masivo de vehículos a motor; e como foi o impacto dos elementos que transformaron a súa vida cara ao mundo actual que fai solícito o crecemento intelixente.²³ E máis especificamente: como a chegada da escola modificou a súa cultura, e que pasou no lugar cando quedou sen escola polos fenómenos de concentracións que se regularon a partir de 1970. Como podería facerse un estudo así?

O eu, como participante activo desa situación no contexto obxecto de estudo, introduce a oportunidade de coñecer con maior detalle esa realidade, ás persoas que alí viven e as súas relacións. A observación participante supón implicarse e permite percibir cuestións que as persoas entrevistadas describen nos seus relatos, podendo ser empregada, seguindo as achegas de Kawulich, «para axudar a responder preguntas de investigación, para construír teoría, ou para xerar ou probar hipóteses».²⁴ É posible lograr así unha

²¹ Claire F. Weizenegger e Audrey Desjardins. «Explorations with Small Data: Data Settings and Backstories», en *Companion Publication of the 2024 ACM Designing Interactive Systems Conference*, ed. Anna Vallgård, Li Jönsson e Jonas Fritsch (New York: ACDM, 2024): 174.

²² Michael Corbett. «Towards a rural sociological imagination: ethnography and schooling in mobile modernity» *Ethnography and Education* 10, nº 3 (2015): 268.

²³ Martina Artmann, Luis Inostroza e Peilei Fan, «Urban sprawl, compact urban development and green cities. How much do we know, how much do we agree?», *Ecological Indicators* 96 (2019): 4.

²⁴ B. Barbara Kawulich, «Participant observation as a data collection method», *Forum Qualitative Social Research* 6, nº 2 (2005): <https://doi.org/10.17169/fqs-6.2.466>

comprensión holística dos fenómenos obxecto de estudo o máis precisa posible, implicándose en tratar de entender, poñer en valor e recuperar a memoria da xente que viviu a historia do lugar.

O protagonismo da proposta lévao o carácter educativo desas modificacións e cambios experimentados. Preténdese poñer en valor aqueles elementos cambiantes do lugar, que desapareceron ou que chegaron para quedarse, e que forman parte da educación das xeracións: alteracións da aldea que conlevan inevitables alteracións nas persoas. Considerando isto, a hipótese principal alude a que o abandono ou transformación dos lugares non responden a unha única causa, pero que as consecuencias implican sempre un esquecemento da súa historia, das persoas que alí viviron ou que aínda viven, que viron como o lugar no que naceron e medraron se destrúe polo seu abandono e/ou a invasión de novos elementos que transforman a paisaxe, alterando os elementos que daban sentido á súa vida e que, sen dúbida, as educan, máis alá da educación formal. Esta idea principal da lugar a varios interrogantes de investigación máis concretos aos que se pretende buscar resposta, como: Cal é a reacción da poboación ante os cambios rápidos e desmedidos ou, pola contra, ao abandono radical e á perda da sociabilidade? Produciron estes cambios unha modificación condutual nos/as habitantes? Ten o lugar crianzas que poidan asegurar a supervivencia da cultura propia do contexto? Que importancia lle dá a mocidade e a veciñanza en xeral do lugar á súa conservación e racionalidade na súa transformación? Existe interese na poboación rural pola conservación da arquitectura vencellada ao pasado dos espazos? A que mentalidade responden os novos poboadores? Que relación establecen cos poboadores que quedan no lugar?

O obxectivo xeral é presentar cal é a situación actual, realizar dende unha perspectiva histórico-pedagóxica, unha reconstrución da memoria do lugar, logrando unha comprensión do vivido no decorrer dos anos nun lugar concreto do tecido rural santiagués, das alteracións experimentadas polo tempo pasado tanto nos seus espazos físicos como nas persoas. Trátase de coñecer e presentar que actitudes e valores perduran nos lugares ante os fortes cambios experimentados nos últimos anos e que se reflicten nos espazos físicos e nas propias relacións entre as persoas, así como entre elas e a contorna. Para poder achegarse ao estudo da pedagogía do lugar desde unha perspectiva no tempo é necesario establecer os núcleos que fan posible construír un relato histórico. Que elementos pedagóxicos ten un lugar que permitirían determinar un perfil de estudo?

O máis importante é definir os espazos e os tempos no que se desenvolve unha actividade educativa tanto escolar como de transmisión dunha cultura popular que adoita diversos modos nunha comunidade rural: xogos, costumes, crenzas, aprendizaxes prácticas e trebellos asociados, festas e espazos de convivencia, linguaxe local, recunchos experienciais, perspectiva da vivenda ou formas de transferencia de fondos de

coñecemento familiares ou veciñais. Non é cuestión de achegarse a todos os elementos posibles dunha maneira exhaustiva, senón sinalar algúns fundamentais cos que é posible traballar e recompoñer unha paisaxe histórica que permita comprender a pedagogía do lugar cunha ollada *longue durée* tal como determinaba Braudel, pero indicando temporalidades variables en espazos concretos²⁵.

A periferia compostelá dende unha perspectiva pedagóxica

A carón da capital galega, Portela de Villestro medrou ata o que é agora, unha aldea con trazos cada vez máis modernos, aqueles que as distintas xeracións das familias describen. Facendo unha análise do lugar cunha lente pedagóxica, co punto de mira na transformación das xeracións, naqueles elementos que mudaron, os cambios nas persoas froito dos procesos experimentados nese espazo e que as educaron. Unha mirada do lugar que, en termos de Somerville, «ten o potencial de ofrecer historias alternativas sobre quen somos nos espazos onde vivimos e traballamos».²⁶

Mais a transformación do lugar non se pode concibir sen as súas xentes. Tratándose dun lugar habitado, as persoas que fan vida de xeito habitual neste contexto rural son os beneficiarios ou afectados dos cambios que ocorren no tempo. As testemuñas son fundamentais para coñecer a historia, persoas que son transmisoras de acontecementos, que poden verificar o que pasou, declarar sobre o que viron e, sen lugar a dúbida, sobre o que sentiron, achegando o seu valor emocional e máis íntimo. A recollida de testemuñas que manteñen un forte vínculo ou relación co lugar obxecto de estudo supón contar cun coñecemento de gran valor que debe serlle recoñecido, aquel que habitualmente non está publicado en ningures, máis ca rexistrado nas súas memorias. As lembranzas da veciñanza, persoas que non só viven actualmente na aldea, senón que viviron alí toda ou boa parte da súa vida, considerando que isto implica un maior coñecemento desa realidade e os porqués do estado actual dos lugares. Neste sentido, as distintas xeracións das familias teñen un gran potencial na transmisión das «memorias do lugar». É unha riqueza que ha de ser recuperada outorgándolle o maior dos agradecementos polo seu contar, polo seu compartir. A nosa relación cos lugares é transmitida nesas historias, atribuíndolles significados que doutro xeito ficarían silenciosos para o oído humano.²⁷ Dende a confianza, o respecto e a escoita activa, poñendo en valor o tempo, o interese e o esforzo de cada unha das persoas por transmitir a súa experiencia, a veciñanza da Portela (2 mulleres e 4 homes, de entre os 55 e os 88 anos, nados na Portela ou que chegaron de moi novos) relata lembranzas da vida cotiá de non hai tantos anos arredor de muíños e lavadoiros, mais agora cada vez máis abandonados. Arredor do

²⁵ Francesca Trivellato e Antoine Heudre. «Un nouveau combat pour l'histoire au XXIe siècle?». *Annales. Histoire, sciences sociales* 70, nº 2 (2015): 340-341.

²⁶ Somerville, «A place... », 331.

²⁷ *Ibidem*, 336.

sistema hidrográfico xerábase toda unha organización para o aproveitamento da auga e súa forza para distintas tarefas que estaban á orde do día na vida da aldea e, ademais de resaltar o estado de abandono desas construcións, a poboación semella incidir máis ca na tarefa que alí se desenvolvía, nos momentos de encontro que se xeraban arredor deses espazos.

O muíño de Portela é citado como un lugar de reunión pola organización en quendas que tiñan para facer uso del, relatando as veciñas que para non aglomerarse alí moitas familias dispoñían de certas horas que lle correspondían a cada quen para ir moer, mais era inevitable coincidir cando agardaban a que, quen estivese, rematase para poder iniciar outra quenda; tempos de espera que agradecían e que mesmo se axudaban uns aos outros no proceso. Era millo, trigo e centeo, «o que se botara», o que levaban en sacos ao lombo ata alí para depositalo nun caixón de madeira do que caía para ser moído coa forza da auga do río que facía mover o rodicio. «Andaba arredor e era o que movía a pedra para moer», saíndo polos lados a fariña que había que varrer para xuntala. Dende o encontro, o aproveitamento da forza natural ata as habilidades manuais, o muíño constituía un espazo arredor do que tiñan lugar diferentes aprendizaxes. As testemuñas presumen de ata coñecer moi ben a pedra do rodicio, pois esta había de ser ben pesada para escachar os cereais.

O lavado da roupa tamén nos fai desprazar no espazo cara os ríos. Ás súas beiras era habitual ver a mulleres fregando nas prendas. Nas vivendas íase buscar a auga ás fontes para lavar e, «sobre todo no verán cando a auga escaseaba», acudíase sempre ao río. Foi máis adiante cando comezaron a terse os primeiros lavadoiros nos que a auga que se empregaba era a «sobrante da que se meteu nas casas», elementos que na actualidade conservan todas as casas tradicionais da Portela. O gran cambio introduciuno a lavadora, deixando de usar tanto os lavadoiros ou «pilóns», como é identificado dende sempre na aldea. Malia o avance que supoñía a máquina, en xeral, continuaron a facer uso do lavadoiro para lavar determinadas prendas, amosando unha preferencia do traballo manual fronte ao da lavadora.

As memorias do lugar tamén deixan entrever os cambios nos terreos, todas as leiras apañadas ou traballadas para botar cultivos que «xa non se ven agora». Millo, centeo e avea era moi habitual, mentres que agora xa pouco máis ca patacas se conservan, mais moito menos anacos de terreo. As persoas entrevistadas relacionan isto co número de persoas nas familias e nas vivendas, pois ao diminuír o número de membros non fai xa falta tanta produción. O que sobre todo se manteñen son as hortas particulares situadas dentro dos límites de cada casa, onde cada familia sementa pequenos anacos de diferentes cultivos, cada vez menos, mentres que ás leiras veñen tractores na busca da herba para levala cara outros lugares con cortes nas que teñen gando, un xeito de mantelas limpas sen traballar nelas.



Figura 1.- Ortofoto de Portela de Vilvestro, 1956-1957.

Fonte: Xeoportal de Santiago



Figura 2.- Última ortofoto publicada de Portela, 2021

Fonte: Xeoportal de Santiago

As vivendas na Portela nunca caeron no abandono, a tendencia foi sempre a de ir facéndolles pequenas reparacións ata o que hoxe vemos. A restauración é evidente, evolucionando, na súa maioría, de casas de pedra tradicionais galegas a cada vez máis modernas, con outros trazos arquitectónicos de recente incorporación. Así, non só foi mudando a aparencia exterior das vivendas, senón que son os seus interiores os que experimentaron maiores cambios.

As persoas entrevistadas describen unhas vivendas que por dentro eran de madeira e que máis adiante se substituiría por plaqueta. Lembran unha convivencia cun número de persoas que hoxe é case impensable, compartindo as dependencias da casa con varios irmáns, pais, tíos, avós e bisavós, «había casas de moita xente, non ían coma hoxe traballar todos a fóra, traballaban nas leiras da casa». Sobre todo, salientan o habitual que era estar ao coidado de persoas maiores, dependentes en moitos casos, e o feito de contar con varios irmáns e irmás. Mais non por iso as vivendas e os seus espazos eran máis grandes, pois relatan como non se dispoñía dun dormitorio para cada persoa nin demasiados aseos. Unha das veciñas entrevistadas salientaba que eran «dormitorios compartidos: os homes nunha habitación, as mulleres noutra e os pais noutra». Neste caso concreto, dispoñían dun só cuarto de baño contando con seis irmáns.



Figura 3.- Bufarro, conservado en boa parte das vivendas tradicionais de Portela (Autoría propia).

Son varias as testemuñas que contan como era esa convivencia nos fogares e o certo é que, ademais das persoas, o habitual era convivir en certa medida tamén con animais. As cortes das vacas eran outro dos espazos interiores das vivendas, que logo supoñería un gran cambio ao situar as cortes no exterior, servindo de sistema de quentado da casa: «A calefacción que temos agora, antes eran as vacas que estaban abaixo, era a calefacción que había». A lareira de pedra era a principal fonte de calor, empregada para cocíñar pero sen deixar de ser un lugar arredor do que xuntarse a carón do lume que prendían coa isca do monte. Froito do encontro que se xeraba, lembran este espazo con moito agarimo, amosando o seu interese por transmitir o significado de todos os obxectos que alí se empregaban. Hoxe na Portela as lareiras consérvanse en moitas das casas, durante un tempo empregándose para cocer comida para o gando, mais están en desuso dende hai tempo.

Os exteriores das vivendas tamén sufriron grandes cambios no decorrer dos anos. Ademais dos pallotes, reservados para os aparellos de labranza, ferramentas e a almacenaxe de herba e palla para o gando e as cortes, cando me interesei polos espazos situados arredor da vivenda e que hoxe asociamos a xardíns e zonas verdes, a veciñanza destaca principalmente os seus hórreos que todas as casas conservan. Ata hai ben pouco facíase uso deles e, malia que noutras aldeas da parroquia aínda se manteñen algúns dos seus usos tradicionais, na Portela xa non hai evidencia de que alguén estea a empregar o seu hórreo. «Usábanse para curar o millo polos buratos do hórreo que deixan entrar e saír o aire. Enchiámoslos hórreos de millo e subiámolo cos cestos na cabeza, non había nin carretas para ir ao muíños, cargábase todo na cabeza» (ver Figura 4). Agora, deixan entrever nos seus relatos tristura por ver os hórreos pechados aínda que con certa sorpresa porque non se derrubaran, «seguen estando no mesmo sitio» pero xunto a novos conceptos e valores, mudando dende unha disposición dos espazos exteriores caracterizada principalmente pola funcionalidade e a utilidade a tendencias de ornamentación e decoración. As testemuñas non consideran isto

como máis ou menos coidado, senón simplemente cambios nas formas de vida que fan que a distribución dos espazos tamén o fagan: «Por fóra antes non había tantas plantas, non había o concepto de xardín que hai hoxe. Non se podía gastar niso, había catro tarros nada máis».



Figura 4.- Veciña de Portela cargando coles sobre a cabeza, 1961.

Fonte: Álbum fotográfico dun veciño entrevistado.

As concentracións de petróglifos fan que a área do Val de Vilvestro teña un especial interese no que é arte rupestre respecta, contando coa maior concentración da comarca compostelá. Estas gravacións prehistóricas asemade son moi valiosas cando tratamos de facer unha viaxe no tempo, achegando formas artísticas e narrativas con moita información sobre o pasado, mais o risco de destrución é evidente. Agora ben, como percibe a xente do lugar este patrimonio? A veciñanza entrevistada concorda en ser algo que estivo aí sempre, pero que dende hai pouco se lle comezou a dar moita máis importancia e que mesmo é motivo de maior concorrencia de visitantes aos montes. Saben da súa existencia ou escoitaron falar dela, mais poucas persoas viron algunha gravación. Esta realidade é coincidente coa doutro estudo no que se entrevistaron a persoas de zonas da mesma parroquia. Unha experiencia relatada por Malyuchenko e Vidal: «Din que están aí fóra, pero non sei onde están exactamente»,²⁸ facéndose notorio pouco coñecemento e escaso interese por descubrilos, especialmente no que atinxe ás propiedades privadas nas que se descubren petróglifos, pois

²⁸ Irina Malyuchenko e Joana Vidal, «Voz do campo e patrimonio arqueolóxico de arte rupestre. Experiencia de Aprendizaxe-Servizo (ApS) na área do Val de Vilvestro e Ventosa da Comarca de Santiago de Compostela», em *Arredor do rural: Comunidade de Saberes e innovación socio-educativa*, ed. Iria Vázquez Silva, David García Romero e Nuria Fernández Brage, (Obre, Noia, A Coruña: Toxosoutos. 2023), 58.

nada se quere saber sobre as obrigacións e responsabilidades que iso implica.

As testemuñas describen unha cotiandade atarefada, mais nalgunha ocasión mencionan a súa preferencia pola de antes máis ca que agora poden ver da súa descendencia. Malia ter que traballar e dedicarse ás tarefas do campo, lembran esa infancia libre de excesos, valorando máis o que tiñan e desfrutando con moito menos do que agora semella ser considerado necesario para facelo. Relátanse nas entrevistas unhas rutinas moi marcadas pola estacionalidade, facendo referencia a distintos meses do ano e, en función da altura á que estivesen no calendario, as actividades serían unhas ou outras. Quizais as propostas coas que agora se traballan as estacións do ano coa infancia, daquela eran interiorizadas ata o punto de determinar os ritmos do día, as horas de descanso e de traballo e incluso o grao de presenza na escola, este último caso dependendo moito do número de irmáns. Neste sentido, sinala unha entrevistada: «Eu si que fun bastante porque era a máis nova e mandábanme máis á escola, pero miña irmá quedaba moito». Antes de marchar á escola axudaban aos pais coas vacas, a mesma tarefa que lles agardaba á volta, para levalas pacer aos prados. Entrementes tamén había tempo para xogar ás leiriñas, á estronela, á mariola e á corda, son as dinámicas que máis recordan, todas eles sen apenas materiais e, de precisar algún, elaborábanse con refugallos que tiñan ao seu alcance, moitos deles naturais, «xogos de non gastar moito».

Os espazos non eran pensados coa especificidade do xogo da infancia, xogaban nas leiras, nas palleiras, nas eiras e nos camiños de monte, «eses camiños que hoxe xa non se ven ca leña». Nesta liña, fálase duns espazos que hoxe consideran que están menos coidados, de carroucha que xa non se apaña, sendo coñecidos os seus habitantes como *carroucheiros* pola práctica habitual da recollida deste arbusto para o gando e de camiños que «estaban limpos porque había que apañar os montes para facer fertilizante para as leiras. Hoxe arde moito porque xa non se apaña». Así como as leiras deixaron de traballarse, moitas corredoiras dos montes xa non se distinguen, pois o principal tránsito que os marcaba desapareceu por completo: «Pararon os carros e as vacas que facían camiño».



Figuras 5 e 6. Diferentes xeracións desenvolvendo tarefas habituais. Espazos de traballo e de xogo. Á esquerda, avós cunha neta traballando a terra; á dereita, un mozo co carro das vacas, 1961.

Fonte: Álbum fotográfico dun veciño entrevistado.

Memorias ilustradas: a importancia da linguaxe do lugar

Ao falar da historia dun lugar, do paso do tempo, malia compartir a mesma lingua, atópanse diferenzas na pronuncia de determinados termos, no xeito de escribilos, pero sobre todo son detectadas palabras que, no decorrer deses anos e cos cambios nas relacións entre as persoas, semellan quedar no esquecemento. Palabras que deixan de empregarse, que se atopan en desuso e que xa non se transmiten de xeración en xeración. Xeracións que xa non teñen tanto contacto entre elas como o tiñan antes, botando en falta un intercambio de saberes e experiencias que pode ser traducido como un enriquecemento mutuo,²⁹ como cando convivían diferentes xeracións na mesma vivenda, tal e como lembra a veciñanza de Portela. E sen esquecer que algúns termos son empregados nesta aldea e ao seu redor, pero que noutras zonas de Galicia quizais lle son atribuídas outras denominacións e acepcións.

O método de recuperación que se presenta nestas páxinas está inspirado nas prácticas do colectivo Escola Imaxinada e fica na recollida de palabras dun contexto espacial concreto, Portela de Villestro, tendo como obxecto recuperalas e deixar constancia delas, grazas á colaboración de persoas familiarizadas con eses termos, empregándoos na vida dese sitio. Trátase de poñer en valor «a memoria colectiva e o contexto próximo que parte da realidade local e da comunidade»,³⁰ recuperando todo un ideario local dende unha

²⁹ Miriam González et al., «Proyecto SIMUL: espacios de aprendizaje para una educación intergeneracional». En *Nuevas metodologías, espacios y estilos de enseñanza-aprendizaje: Prácticas docentes e innovación educativa*, ed. Silvia Carrascal, Daniela Melaré y J. Domingo Gallego, J. Domingo. (Madrid: Universitas, 2022), 40.

³⁰ «As palabras do lugar da infancia». En *Escola Imaxinada*. 23 de maio, 2023.

<https://www.escolaimaxinada.com/post/as-palabras-do-lugar-ii>. Escola imaxinada é un colectivo independente e sen ánimo de lucro

mirada educativa.

O grupo de catro participantes ilustraron algúns dos termos que ían mencionando e dos que se tomaba nota para logo saber un pouco máis do seu significado dentro dese contexto, pois moitos deles era a primeira vez que os escoitaba: o rodicio, a estronela, a «gamalleira», o esfolador, o mollo, a «estrepia», a peneira, o cribo, o frío etc. Neste contexto, a implicación como observadora e participante activa³¹, non só dos relatos, senón da situación que vive hoxe ese lugar concreto como unha veciña máis, permite coñecer polo miúdo os espazos obxecto de estudo, as interaccións entre as persoas que os habitan e o vencello entre estes dous aspectos mencionados: a dualidade lugar-persoa, o vencello entre os habitantes e o lugar no que desenvolven a súa vida.

Neste caso, o formato de rexistro dos termos empregado mantivo a liña de Escola Imaxinada, realizando unha colección de tarxetas sobre as que ilustrar en cor negra inspiradas no *Bestiario reggiano* de Manenti e Vecchi, unha caixa no que se presentan unhas expresións e figuras propias do territorio, como o imaxinario do lugar.³² A práctica levou a toda unha posterior busca de significados, consultando a recollida ou non pola Real Academia Galega da mesma acepción e descubrindo outras diferentes das que empregan neste lugar, así como sinónimos na nosa lingua, información documentada pola parte de atrás das tarxetas. Mais, sobre todo, foi unha actividade coa que se rachou a barreira xeracional supoñen do un achegamento á identidade do lugar a través da oralidade e a súa ilustración concedéndolle a importancia que merecen, en termos de Escola Imaxinada, ás «relacións interxeracionais que recuperan historias, memorias e identidades indispensables para crear formas de vivir respectuosas coa diversidade e o contexto».³³

composto por profesionais do campo das artes, a arquitectura, a filosofía e a educación infantil e primaria. Con base na Facultade de Formación de Profesorado de Lugo, promoven metodoloxías baseadas nas artes e o deseño de espazos e recursos educativos de calidade.

³¹ Todos os procedementos autoetnográficos coa súa recollida de datos foron realizados por Paula García Méndez.

³² Giulia Manenti e Lucia Vecchi. *Bestiario reggiano*. (Reggio Emilia: Corsiero Editore. 2019). Caixa de 24 gravados sen encadernar.

³³ «As palabras do lugar». *Escola Imaxinada*. 21 de xaneiro, 2022. <https://www.escolaimaxinada.com/post/as-palabras-do-lugar-ii>



Figura7.- Tarjetas de léxico ilustradas pola veciñanza. (Autoría propia).

Conclusións

A análise no tempo dunha zona xeográfica concreta na periferia compostelá, Portela de Villestro, vela pola posta en valor da potencialidade educadora do lugar. Tendo como punto de partida a problemática do incontrolable crecemento das cidades, é necesaria unha aposta que vencelle educación e lugar, unha mirada educativa dende a comprensión do lugar onde se medra e onde se está, comprendendo a súa evolución ao longo do tempo. É este o enfoque baixo o que se analiza Portela, as formas de vida nela, a relación entre as persoas e o vínculo destas cos espazos habitados, cos terreos traballados e con todo o que as rodea, documentando os cambios experimentados ata a actual aldea. Descríbese así un relato cualitativo que é posible grazas á colaboración e implicación dalgúns persoas que habitan o lugar e o levan facendo case ou toda a súa vida, suxeitos que compartiron as súas experiencias no lugar, permitindo unha reconstrución da actividade partindo das súas memorias no decorrer dos anos.

Nesta recuperación faise evidente nos relatos rexistrados a sorpresa da veciñanza ao percibir o desexo de alguén por querer descubrir polo lugar, sobre todo tratándose dunha persoa nova. Ese sentimento logo se converte en agradecemento cando se lles transmite o valor desa recollida de datos e o comprenden, sentindo valoradas as súas memorias e o seu lugar. Asemade, comprobouse a significación das vivencias compartidas, podendo coñecer nos relatos o carácter común e compartido das tarefas que eran habituais nas súas vidas e, do mesmo xeito, a preocupación ante os excesivos cambios no lugar, especialmente cando se trata de algo que introduce unha alteración nos xeitos de relacionarse entre as persoas e tamén cos espazos. Neste sentido, maniféstase claramente unha percepción dos cambios como moi rápidos e grandes, mencionándose nalgúna ocasión a escasa semellanza da Portela na que están agora, á de hai sesenta ou setenta anos. A veciñanza transmite a súa conciencia sobre o que isto implicou nas propias persoas, suxeitos

que xa non teñen unhas rutinas compartidas nin a axuda mutua se fai tan presente, toda unha vida na aldea que pouco ten que ver ca que lembran.

Dende esa reconstrución, a proposta sobre o léxico semella xurdir dun descoñecemento das palabras que se mencionan nos relatos, mais agocha unha reivindicación dun estreitamento entre xeracións, unha conexión que permita a transmisión dos cambios experimentados nas persoas froito da transformación do lugar, un contacto interxeracional que mire cara o enriquecemento mutuo e a comprensión da paisaxe da que formamos parte, compartindo a través da oralidade as palabras do lugar e ensinando os valores e actitudes arredor de espazos significativos para os e as habitantes.

Un lugar habitado, ou simplemente visitado, ten a súa pedagogía de aprendizaxe e de conservación da memoria e cando menos queda unha paisaxe que pode ser transitada cara ao pasado e recompoñer algúns trazos do que alí existía. Nun tempo no que o despoboamento rural é tan intenso e a xente que aínda vive nas aldeas está sometida a un proceso acelerado de aculturación e perda dos seus saberes tradicionais é necesario cando menos explicar porque todo se perde. Cos procesos de transmisión interxeracional interrompidos o labor de investigación ten que traballar con testemuñas que aínda garden una narrativa e tamén cos restos materiais que esclarecen o que aconteceu e dan sentido a ese espazo. Posiblemente aprender a interpretar a pedagogía do lugar, dos lugares rurais, cunha ollada histórica, permita establecer un mapa que poña as bases de protección dun patrimonio educativo inmaterial do que cada vez quedan menos restos. A tarefa é longa e precisa de moita parsimonia.

Referencias bibliográficas:

- Artmann, Martina, Luis Inostroza, e Peile Fan. «Urban sprawl, compact urban development and green cities. How much do we know, how much do we agree?», *Ecological Indicators* 96 (2019): 3-9.
- Corbett, Michael. «Rural education: Some sociological provocations for the field». *Australian and International Journal of Rural Education* 25, núm. 3 (2015):9-25.
- Corbett, Michael. «Towards a rural sociological imagination: ethnography and schooling in mobile modernity». *Ethnography and Education* 10, núm. 3 (2015): 263-277.
- Dewey, John, *The school and society*. 2ª ed. Chicago: The University Chicago Press, 1915.
- Escola Imaxinada. 21 de xaneiro, 2022. «As palabras do lugar». <https://www.escolaimaxinada.com/post/debuxando-as-palabras>
- Escola Imaxinada. 23 de maio, 2023. «As palabras do lugar da infancia». <https://www.escolaimaxinada.com/post/as-palabras-do-lugar-ii>
- González, Miriam, M. Carmen Estévez e Andrea Delgado. «Proyecto SIMUL: espacios de aprendizaje para

una educación intergeneracional». En *Nuevas metodologías, espacios y estilos de enseñanza-aprendizaje: Prácticas docentes e innovación educativa*, ed. por Silvia Carrascal, Daniela Melaré, J. Domingo Gallego, 39-60. Madrid: Universitas, 2022.

Gruenewald, A. David. «Foundations of place: A multidisciplinary framework for place-conscious education». *American educational research journal* 40, nº 3 (2003): 619-654.

Haarman, Susan e Patrick M. Green. «Does Place Actually Matter? Searching For Place-based Pedagogy amongst Impact and Intentionality». *Metropolitan Universities* 34, nº 2 (2023): 1-12.
<https://doi.org/10.18060/27203>

Ingold, Tim. «The Temporality of the landscape». *World archaeology* 25, nº 2 (1993): 152-174.

Jayanandhan, Stephanie Raill. «John Dewey and a Pedagogy of Place», *Philosophical Studies in Education*, 40 (2009): 104-112.

Kawulich, B. Barbara. «Participant observation as a data collection method». *Forum Qualitative Social Research* 6, nº 2 (2005), Art. 43 <https://www.qualitative-research.net/index.php/fqs/article/view/466/997>

Kerr, Thor e Shaphan Cox. «Public consultation and pub talk as toponymic workspace: Kings Square to Walyalup Koort». *From the European South* 10 (2022): 41-55.

Malyuchenko, Irina e Joana Vidal. «Voz do campo e património arqueolóxico de arte rupestre. Experiencia de Aprendizaxe-Servizo (ApS) na área do Val de Vilvestro e Ventosa da Comarca de Santiago de Compostela». En *Arredor do rural. Comunidade de Saberes e innovación socio-educativa*, coordinado por Iria Vázquez Silva, David García Romero e Nuria Fernández Brage, 53-64. Obre, Noia (A Coruña): Toxosoutos, 2023.

Manenti, Giulia e Lucia Vecchi. *Bestiario reggiano*. Reggio Emilia: Corsiero Editore, 2019.

Nogué, Joan. «El reencuentro con el lugar: nuevas ruralidades, nuevos paisajes y cambio de paradigma». *Documents d'Analisi Geografica* 62, nº 3 (2016): 489-502.

Orr, David. «Place and Pedagogy». *Namta* 38, nº 1 (2013): 183-188.

Rose-Redwood, Reuben, Ian Baird, Emilia Palonen e Cinty Ann Rose-Redwood. «Monumentality, Memoryscapes, and the Politics of Place». *ACME: An International Journal for Critical Geographies* 21, nº 5 (2022): 448-467.

Salonen, Art. O., Erkka Laininen, Juha Hämäläinen, Stephen Sterling. «A theory of planetary social pedagogy». *Educational Theory* 73, nº4 (2023): 615-637.

Smith, Gregory A. *Pedagogía de Base Local [Place-Based Education]*. Oxford Research Encyclopedia of Education, (27 July 2017).

<https://oxfordre.com/education/display/10.1093/acrefore/9780190264093.001.0001/acrefore-9780190264093-e-95>

Somerville, J. Margaret. «A place pedagogy for global contemporaneity». *Educational philosophy and theory* 42, nº 3 (2010): 326-344.

Trivellato, Francesca e Antoine Heudre. «Un nouveau combat pour l'histoire au XXIe siècle?». *Annales. Histoire, sciences sociales* 70, nº 2 (2015): 333-343.

Weizenegger, Claire F. e Desjardins, Audrey. «Explorations with Small Data: Data Settings and Backstories». En *Companion Publication of the 2024 ACM Designing Interactive Systems Conference*, ed. por Anna Vallgård, Li Jönsson e Jonas Fritsch, 171-175. New York: ACDM, 2024, <https://dl.acm.org/doi/pdf/10.1145/3656156.3663712>